



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**ESCOLA SUPERIOR DE CONSERVACIÓN E
RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS DE
GALICIA**

Rúa: General Martitegui S/N
36002 PONTEVEDRA
telf: 986 861 251 - fax: 986 861 272

escola.restauracion.pontevedra@edu.xunta.es
<http://gradoconservacionbbcc.es/>



ESCOLA SUPERIOR
DE CONSERVACIÓN
E RESTAURACIÓN
DE BENS CULTURAIS
DE GALICIA

Reunidos en Vigo con data do 14 de febreiro de 2012 os directores do Conservatorio Superior de Musica de A Coruña, do Conservatorio Superior de Música de Vigo, da Escola Superior de Arte Dramática de Vigo e da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia, acordan trasladar de forma inmediata aos Claustros de profesores e profesoras, e aos Consellos Escolares dos ditos centros o manifesto que máis abaixo se presenta, coa finalidade de que sexa aprobado polas comunidades educativas e posteriormente trasladado ás autoridades educativas autonómicas e estatais así como proceder á súa difusión entre centros similares coa finalidade de crear unha plataforma estatal que traballe a prol dos obxectivos propostos.

MANIFESTO POLA INTEGRACIÓN DAS ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES NA UNIVERSIDADE

Aprobado por unanimidad en Claustro y Consejo Escolar, el día 28 de Febrero de 2012

Coñecemos as diversas sentenzas do Tribunal Supremo relativas ó recurso presentado por varias Universidades contra a ordenación das Ensinanzas Artísticas Superiores establecida polo Real Decreto 1614/2009, o que sitúa ás administracións educativas ante a necesidade de dar unha resposta urxente, rigorosa e precisa a un vello conflito que veñen padecendo as ensinanzas artísticas superiores desde moito tempo atrás.

A aceptación da condición dos estudos artísticos superiores como ensinanzas de grao e de máster, en paridade coas titulacións universitarias, na norma en que deba deseñarse logo da antedita sentenza é, en calquera caso, unha esixencia irrenunciable das comunidades educativas. Calquera paso atrás neste sentido, supón unha desvalorización e un deterioro destas ensinanzas inasumible, tanto polo alumnado que xa está a cursar neste momento os estudos de Grao en Ensinanzas Artísticas, como polo colectivo de docentes que veñen demostrando o seu compromiso co proceso na converxencia destas ensinanzas no Espazo Europeo da Educación Superior.

Nun momento como o actual, no que a dispoñibilidade de recursos fai difícil senón imposible, ensaiar outras vías como podería ser a creación dun espazo propio para estas ensinanzas, e ante o perigo de que as Artísticas Superiores queden definitivamente relegadas a unha ensinanza superior de segunda categoría, apostamos pola única solución que pode garantir que se impartan cos criterios de calidade que se esixen en todo o ensino superior no marco europeo, así como que se atenda ás necesidades da investigación e mobilidade que son propios dos estudos superiores. Esta aposta non é outra que a integración definitiva das Ensinanzas Artísticas Superiores na institución universitaria.

Defendemos que este proceso debe facerse atendendo ás particularidades propias da tradición das nosas ensinanzas: metodoloxías de enseñanza e aprendizaxe, ratios profesor/alumno, especificidades do servizo docente, normas de funcionamento de centros, etc.

Instamos á administración a que inicie canto antes os pasos para un proceso de integración, no que se atenda tanto a estas particularidades como aos lexítimos intereses dos diferentes sectores das comunidades educativas. Este proceso deberá realizarse con claridade, determinación e contando coa colaboración e participación activa dos centros de ensinanzas artísticas superiores de Galicia.